

**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION O  
DIA 31 DE MARZO DE 2016**

Asistentes

SR. ALCALDE:

FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ

CONCELLEIROS:

Polo BNG:

MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ  
BERNARDO VARELA LÓPEZ  
MARIA ELENA SUÁREZ ESTEVEZ  
FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO  
RODRIGUEZ  
MARIA TERESA DEVESA GRAÑA

MARIA ISABEL POISA REY  
MANUEL CID PÉREZ

Polo PP:

LUZ DOPORTO REAL  
JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ

Polo PSdeG-PSOE:

SECRETARIO:

*Don Maximino Jardón Pedras*

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Allariz, cando son as VINTE HORAS (20:00) do día TRINTEÚN de MARZO do DOUS MIL DEZASEIS, previamente convocados, reuníronse os Sres. Concelleiros á marxe relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Francisco García Suárez, a fin de celebrar unha sesión extraordinaria polo Pleno da Corporación.

Non asistiron á sesión as concelleiras M<sup>a</sup> DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ (PP) e ZAIDA AUXILIADORA RODRIGUEZ CAMBA (PSdeG-PSOE), e o concelleiro ALBERTO CONDE RODRIGUEZ (BNG). Previamente xustificaron a súa ausencia.

Sen incidencias.

---&&&---

## ORDE DO DIA

1. ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador acta da sesión anterior.
2. Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.
3. Dar conta do decreto de data 18 de marzo de 2016 polo que se aproba a liquidación do orzamento 2015.
4. PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO.- Ratificación do decreto de data 14/03/2016.
5. ORZAMENTO XERAL 2016.- Expte nº 1/2016 de modificación de créditos por baixas por anulación para financiar remanente negativo de tesourería.- A probación, se procede.
6. PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO 2016-2017 determinado pola regra de gasto da liquidación do exercicio 2015.- Aprobación inicial, se procede.
7. XUIZ DE PAZ SUBSTITUTO.- Elección, se procede.
8. Rogos e Preguntas.

---&&---

## **DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS**

Antes de proceder cos asuntos incluídos na orde do día, deuse lectura, polo Sr. Alcalde, dunha declaración institucional con motivo do 8 de marzo, día internacional da muller, da que previamente se deu traslado aos grupos políticos. Igualmente, como tamén se produciron o pasado día 22 dous graves atentados terroristas no aeroporto e na rede de metro de Bruselas, co resultado de 35 mortos, e mesmo en Paquistán, o Sr. Alcalde, no nome da Corporación, expresou a súa condena nos seguintes termos:

### **Condena de atentados terroristas en Bélxica e Paquistán**

*No nome da Corporación municipal queremos expresar a nosa condena dos atentados terroristas que se produciron en Bélxica e Paquistán que tantas vítimas inocentes teñen provocado. A nosa solidariedade coas familias que sufren esta barbarie e tamén o noso apoio de acordo coas mocións aprobadas por este Pleno coas persoas sirias refuxiadas e a nosa demanda á inflexible Unión Europea para que modifique a súa política, facilite a acollida destas persoas e favoreza o fin das guerras que provocan este éxodo masivo.*

***Declaración institucional do Concello de Allariz con motivo do 8 de marzo, Día Internacional da Muller.***

*Dende hai 159 anos, lembramos aquel 8 de marzo de 1857 cando un grupo de mulleres obreiras textís saíron a rúa en Nova Iork, reivindicando a mellora das condicións laborais.*

*Dende entón esta data, simboliza a loita das mulleres do mundo na defensa dos seus dereitos e na defensa da igualdade entre homes e mulleres.*

*Estamos no ano 2016 e a realidade é que a crise económica está incidindo negativamente na situación das mulleres. Diferentes informes e enquisas recollen datos sobre a crecente precariedade laboral e social que viven as mulleres galegas. A fenda salarial segue a ser una realidade aínda por combater, son ademais as mulleres as que lideran as estatísticas de emprego temporal e parcial.*

*Por todas estas razóns O Pleno do Concello de Allariz considera necesario reforzar as políticas de igualdade, de prevención da violencia de xénero e de conciliación da vida laboral e familiar así como da liberdade de elección das mulleres sobre a súa sexualidade e dereitos reproductivos.*

*O Pleno do Concello de Allariz comprométese a seguir traballando para atender as demandas das mulleres como un elemento fundamental da política municipal para a construción dunha sociedade máis xusta e avanzada.*

*Allariz, marzo 2016*

---&&&---

**1. ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador acta da sesión anterior.**

Polo Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, sinala que no punto 4 falta unha pequena parte da súa intervención na que solicitaba unha aclaración sobre o número máximo de intervencións na convocatoria de subvencións en Santa Mariña, de feito está a contestación do Sr. Alcalde á aclaración solicitada polo concelleiro e sen embargo non figura a aclaración solicitada.

Seguidamente, sométese a votación resultando aprobado pola maioría absoluta legal cos votos favorables do BNG (8) e coa abstención do PP (2).

**2. Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**

Están a disposición dos grupos políticos no Libro de Decretos, na Secretaría, sinala o alcalde.

### 3. Dar conta do decreto de data 18 de marzo de 2016 polo que se aproba a liquidación do orzamento 2015.

Sinala o Alcalde que, como é habitual, o concello procedeu á aprobación en tempo e forma da liquidación do orzamento 2015. Destaca o Alcalde os 5.552.000 euros de dereitos recoñecidos netos e os 4.265.889,41 euros de obrigas recoñecidas netas, o que significa entre ingresos ordinarios e gastos ordinarios un superavit de 1.286.745 euros, un aforro bruto do 23,1%. No conxunto do orzamento o resultado do exercicio é de 6.348.428 euros de dereitos recoñecidos netos e de 5.732.755 euros de obrigas recoñecidas netas, é dicir, un resultado orzamentario de 615.672,95 euros de superavit. Seguidamente deu conta do grao de execución das previsións orzamentarias por cada un dos capítulos:

#### ORZAMENTO DE INGRESOS

Capítulo	Descrición	Previsión definitiva	Dereitos Recoñecidos
1	Impostos Directos	1.705.000,00	1.709.798,24
2	Impostos Indirectos	50.000,00	29.124,14
3	Taxas, Prezos Públicos e Outros Ingresos	1.536.600,00	1.814.075,79
4	Transferencias correntes	1.932.328,25	1.839.018,14
5	Ingresos Patrimoniais	159.000,00	185.094,16
6	Enaxenación de Investimentos Reais	680.000,00	476.872,38
7	Transferencias de Capital	416.396,63	315.615,00
9	Pasivos Financeiros	20.000,00	3.305,90
	SUMA	6.499.324,88	6.372.903,75

#### ORZAMENTO DE GASTOS

Capítulo	Descrición	Previsión definitiva	Obrigas Recoñecidas
1	Gastos de Persoal	2.191.555,92	2.184.699,42
2	Gastos Correntes en Bens e Servizos	2.159.160,17	1.444.389,48
3	Gastos Financeiros	130.000,00	77.555,37
4	Transferencias Correntes	62.759,00	59.245,14
6	Investimentos Reais	1.352.842,79	1.345.785,80
9	Pasivos Financeiros	423.007,00	121.080,00
	SUMA	6.319.324,88	5.232.755,21

Sobre os indicadores, presentan unha evolución positiva, asegura o Alcalde. Así, o período medio de pago a provedores que no ano 2012 estaba en 144 días; no 2013, en 81 días; no 2014, en 72 e no ano 2015, en 62,55 días de período medio de pago.

Sen mais, o Pleno toma razón do decreto de data 18 de marzo de 2016 polo que se aproba a liquidación do orzamento 2015, dictado nos seguintes termos:

DECRETO DO ALCALDE

Allariz, 18 de marzo de 2016

ASUNTO: Liquidación exercicio 2015

Visto que con data 15/03/2016 incoouse procedemento para aprobar a liquidación do Orzamento do exercicio 2015.

Visto que a liquidación practicada pon de manifestó que a 31 de decembro de 2015 excedeuse o límite da regra do gasto en 559.261,58 euros o cal determina a aprobación dun Plan Económico Financeiro, en aplicación do artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, que permita no ano en curso e o seguinte o cumprimento do obxectivo da regra de gasto.

*De conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e co artigo 90.1 do Real Decreto 500/1990, sobre materia orzamentaria.*

**RESOLVO:**

*PRIMEIRO. Aprobar a liquidación do Orzamento Xeral de 2015.*

*SEGUNDO. Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, de acordo co disposto nos artigos 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 90.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.*

*TERCEIRO. Ordenar que se redacte un Plan Económico Financeiro que permita no ano en curso e o seguinte o cumprimento do obxectivo da regra de gasto.*

*CUARTO. Ordenar a remisión de copia de dita Liquidación aos órganos competentes, tanto da Delegación de Facenda como da Comunidade Autónoma. O Alcalde, asdo. Francisco García Suárez. Dou fe, o Secretario.*

#### **4. PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO.- Ratificación do decreto de data 14/03/2016.**

Da conta o Alcalde sinalando que, da previsión orzamentaria a medio prazo pode destacarse que o concello vai seguir movéndose no entorno dos seis millóns de euros, aproximadamente uns cinco millóns por operacións correntes, que con esa previsión irase reducindo a carga financeira, ademais de atender, fundamentalmente, o funcionamento dos servizos municipais, coa posibilidade de poder asumir as inversións na mellora dos servizos. Iranse reducindo tamén os préstamos subscritos no seu día para situalos desde o 82,21%, actual; 62,48%, no 2017; 53%, no 2018 e o 39%, no 2019. Esta previsión cubre o obxectivo de establecer un marco de referencia, unha previsión do que pode ser a evolución a medio prazo, á vista do comportamento dos ingresos e gastos do concello.

Polo grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, antes de entrar no asunto, sinala que, como o Alcalde fixo un resumo amplo da liquidación do 2015, pregunta cáles eran as previsións definitivas do capítulo de persoal, porque había un crédito inicial dun 1.994.000 euros e houbo unha modificación de 196.000 euros.

Explica o Alcalde que ao longo do exercicio 2015 o concello levou a cabo unha política de favorecer a contratación de persoas en situación de desemprego o cal se plasmou nun obradoiro de emprego que se formalizou cos concellos de Vilar de Santos e A Bola que se desenvolveu durante 6 meses, dos que está pendente do cobro unha parte das axudas; e tamén a contratación de 6 persoas dentro do programa RISGA e polo tanto incrementouse a previsión de gasto en 196.721,92 euros, non correspondendo a persoal propio.

A portavoz do Partido Popular sinala que só quería ter esa aclaración. Con respecto ao plan orzamentario a medio prazo é un brindis ó sol, como foi xa no seu momento cando se fixo o plan de axuste no ano 2012 que se fixeron unhas previsións e o seu grupo non lle vai dar o seu apoio, conclúe.

Polo exposto,

De conformidade co dictamen favorable da comisión de facenda, persoal e réxime interior de data 28/03/2016, o Pleno, pola maioría absoluta legal, cos votos favorables dos concelleiros do BNG (8) e co voto en contra dos concelleiros do PP (2), acorda ratificar a seguinte resolución:

*DECRETO DO ALCALDE*

*ASUNTO: Plan Orzamentario a Medio Prazo: 2017-2019.*

*Visto o expediente para aprobar o plan orzamentario a medio prazo 2017-2019.*

*Visto que con data 11/03/2016 emitíuse informe de Secretaría en relación co procedemento e a lexislación aplicable.*

*Visto que con data 14/03/2016 emitíuse informe de Secretaría -Intervención sobre a elaboración do Plan Orzamentario a medio prazo 2017-2019.*

*Examinada a documentación que a acompaña e de acordo coa mesma, en relación co establecido no artigo 29 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de Abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de conformidade co disposto no artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,*

*RESOLVO:*

*PRIMEIRO. Aprobar o Plan Orzamentario a medio prazo elaborado por esta Entidad que servirá de base para a elaboración do Programa de Estabilidade 2017-2019.*

*SEGUNDO. Remitir o Plan Orzamentario a medio prazo do Concello de Allariz ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas polos medios telemáticos habilitados ao efecto.*

*TERCEIRO. Dar conta ao Pleno da Corporación para o seu coñecemento e ratificación da presente resolución*

**5. ORZAMENTO XERAL 2016.- Expte nº 1/2016 de modificación de créditos por baixas por anulación para financiar remanente negativo de tesourería.- A probación, se procede.**

Da conta o Alcalde sinalando que o superavit que o concello ten cada ano de mais ingreso que gasto presenta ao mesmo tempo un remanente negativo de tesourería, na medida en que os fondos que figuran pendentes de cobro de exercicios pechados a lexislación actual dispón que se consideren de dubidoso cobro na inmensa maioría de exercicios que non sexan o exercicio anterior. Eso leva a que o concello teña neste momento un remanente negativo de tesourería de 392.225 euros. Este remanente negativo, como xa se ten discutido noutros momentos, implica unha solución que ten dúas posibilidades: ou ben unha redución no actual orzamento ou ben a posibilidade de elaborar o orzamento seguinte -2017- con superavit por idéntica cuantía. Nesta ocasión, como se está no inicio da execución orzamentaria o mais razoable é reducir o orzamento en idéntica cuantía sen afectar a inversións que o concello teña comprometidas no programa porta a porta de recollida selectiva do lixo; obras no cemiterio de Vilanova, que no caso de ser necesario faríase con cargo ó programa Allariz 20-20; redución do programa de aforro enerxético, que pode pospoñerse para exercicios posteriores; proxectos de reserva da biosfera, e por último, unha

redución das posibles medidas de intervención no parque empresarial de Chorente. Deste xeito, o orzamento no capítulos de inversións verase reducido nestes 392.225 euros. A redución non afecta á prestación dos servizos fundamentais do concello, sinala o Alcalde, nin de áreas de atención, política social e fomento do emprego, mantendo a capacidade inversora do concello.

Polo grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, sinala que, agora, empeza a darlle sustancia ó pleno que temos hoxe encima da mesa. Faise este expediente de modificación de créditos no mes de marzo para, efectivamente, enxugar o remanente negativo de tesourería que se desprende da liquidación do ano 2015. As contas do concello, sinala, desenvólvense como en calquer outra administración, empresa ou persoa particular. Antes, cando Alcalde deu conta da liquidación, vimos cómo pasaba por alto algo tan importante como este remanente negativo de tesourería de casi catrocentos mil euros e, como sempre, incidiu, ata en tres ocasións, no resultado positivo do orzamento, no superavit. Para que todos nos entendan, de superavit: nada, sinala. Isto explica a cualificación de brindis ó sol cando antes se aprobou o orzamento a medio prazo. É un brindis ó sol porque os orzamentos neste concello fanse ad hoc para, segundo vai sendo necesario, quitar ou poñer conforme vaian saindo as contas. O resultado orzamentario positivo o único que nos indica é que as previsións que temos cumprense, pero este non é o problema, senón cómo se pagan as obrigas contraídas. Non é cómo se executa, cómo se gasta, que xa se ten demostrado que o grupo de goberno gasta como ninguén. O resultado orzamentario do que o Alcalde está tan orgulloso, porque sabe gastar, o cal é verdá, afirma, outra cousa é cómo pagamos todo o que se gasta, porque non se dá pagado. E doille especialmente, sinala, porque dentro desta redución que se fai está unha partida que lles afecta directamente aos alaricanos, a todos os veciños, porque nos acabamos de cargar o programa de aforro enerxético sendo un programa que lles afecta á calidade de vida dos veciños, porque todos os superavits de todos os anos os están pagando os veciños con creces, coa subida masiva dos impostos que se lles fixo no ano 2013; o están pagando os veciños co apagado de mais da metade do alumeadado público. Facendo un estudio de aforro enerxético faríase moito mais que o aforro que presuntamente se obtivo apagando luminarias, producindo unha mellor calidade de vida. Non habería que quitar puntos de luz senón que se reduciría poñendo luminarias led e, en dous ou tres anos, o problema do aforro enerxético en Allariz estaría solventado, se se fixera un orzamento pegado á realidade, ós problemas reais que ten este concello. O programa de recollida selectiva do lixo porta a porta, que nunca o entendimos moi ben, sinala, e probablemente fose unha partida creada ad hoc para ter manobra suficiente para atender os remanentes negativos de tesourería, porque –recorda- xa o ano pasado houbo un remanente negativo de tesourería de 500.000 euros. É dicir, isto non é algo que nos esté pasando agora mesmo. E, ¿por qué este ano se fai a minoración do orzamento? Porque non se pode esperar ó ano que ven, responde a concelleira, porque o orzamento deste ano xa se aprobou cun superavit para enxugar o remanente negativo de tesourería do 2014. Non se trata de poñer cara de asombro, senón de ceñirnos á realidade que arrojan as contas e que se debatirán pormenorizadamente coa aprobación da conta xeral. Pero, o que realmente é o fiel reflexo da economía do concello é o remanente de tesourería. É o indicador que nos indica que non temos para pagar o que gastamos, afirma; que nos indica que gastamos mais do que realmente temos para pagar. E pode xestionarse moito mellor, afirma a concelleira. Todas as administracións pasan por épocas complicadas -sinala- pero hoxe mesmo pode verse en todos os medios cómo a Deputación de Ourense foi capaz de aprobar as contas do 2015 cun remanente de tesourería de 27 millóns de euros, que permitirán facer mais inversión nos concellos da provincia, incluída Allariz. Dende o ano 2015 a Deputación triplicou o seu remanente de tesourería, sendo unha Institución moi criticada polo BNG en moitas ocasións, mentras no concello de Allariz, dende o ano 2010 ata o ano 2015, triplicamos a débeda. Esa é a diferenza entre xestionar ben e non facer ben o noso traballo. Neste momento, o PP volve dicirle o que xa lle dixo cando foi do plan de axuste do ano 2012, e tamén o afirmou o Secretario-Interventor, que no ano 2016, de seguir neste ritmo de gasto, no 2016 non se poderían pagar os préstamos. Os préstamos estanse pagando, evidentemente, e ahí se está facendo un esforzo que se recoñece, pero porque non queda mais remedio pero son uns xestores tan nefastos que aínda poñendo o goberno todo a favor para que se liquidaran esas débedas cos provedores que impediron que moitas empresas non quebraran, sobre todo empresas pequenas e medianas, e autónomos; tendo todo a favor,

incluídos uns intereses casi a cero, o grupo de goberno fixo unha modificación do crédito dispoñible dos intereses (gasto financeiro) convertíndoo en gasto non financeiro o cal provocou o incumprimento da regra de gasto. Habería que xestionar con mais rigor, con mais seriedade, pensando mais nos servizos que hai que prestar en Allariz. Recorda que o Alcalde ten declarado que non vai acabar esta lexislatura, e a portavoz afirma que gracias a Dios que así sexa, polo ben de todos os alaricanos que non a termine e que vaia dando paso a algún compañeiro que poda xestionar con mais rigor, con mais seriedade e pensando mais no benestar e nos servizos que hai que prestar en Allariz. A xente non lle deu a súa confianza para volver a presentar un ano mais unhas contas como as que vai presentar tan vergonzosas, conclúe a concelleira.

Intervén a continuación o Alcalde sinalando que un concello non é exactamente como unha familia aínda que ten moitas cousas parecidas a unha familia. Un concello o que non pode facer é gastar un millón se ten unha previsión de gastar setecentos mil, porque hai un orzamento que limita o gasto. E o que din as contas municipais é que o resultado do exercicio é canto ingresaches e canto gastaches, isto é o que din as contas. Non fai moito, o día 17 de febreiro de 2016, calquera o pode consultar, o xornal *El País* publicaba os datos do Ministerio de Facenda sobre os gastos e o aforro dos concellos onde se pode ver que o concello de Allariz figura cun aforro do 23,22% no an 2014, 5.097.135 euros. e gastou 3.913.744 euros; e no ano 2015 o concello ingresou 5.552.634 euros (ingreso corrente) e gastou 4.265.889 euros, un 23,1%. Recorda que na súa intervención non negou nin pasou por alto o remanente negativo de tesourería, pero explica que ten ese valor negativo porque os saldos dos recibos pendentes de cobro non se poden computar, e aínda que hai un superavit no exercicio entre os ingresos e os gastos, ó computar os exercicios pechados aparece o remanente negativo de tesourería. O concello, sinala, é evidente que está tendo unha evolución económica positiva, se tivera a realidade que explica a portavoz, que non paga aos provedores, que non paga á Seguridade Social, nin a Facenda, nin que non liquida os préstamos, ninguén querría contratar co concello, pero a realidade non é esa. Recorda que o Estado está duplicando a súa débeda, tamén o Goberno de Galicia chegou á Xunta con tres mil e pico millóns de euros e hoxe estamos en casi nove mil despois de todos os recortes que se levan producido. A do concello sen embargo estase reducindo, non hai mais que ver o ritmo de redución da débeda a corto. O concello, sinala, está cumprindo as súas obrigas e ao mesmo tempo non está paralizano a actividade económica, porque se a débeda é importante, e o é, tamén hai que ver outras variables como é o patrimonio e no caso do concello o patrimonio que ten é inmenso, afirma. Cita o investimento feito no parque empresarial que está permitindo que o concello teña solo a disposición das empresas e o concello ten mais de 50 mil m2 pendentes de venda, que o día que se materialice toda esta venda serán dous millóns e medio de euros, que son practicamente a débeda que ten o concello. Pero tamén están os muiños e as concesións de establecementos, e tamén os equipamentos, o cal é unha realidade. Recoñece que se reducen do capítulo 6 porque o gasto corrente xa está moi axustado e xa non se pode axustar mais porque hai que manter a actividade económica do concello. Por último, sinala, si ven a xente a residir en Allariz é porque hai calidade de vida, porque hai mais equipamentos, mais oportunidades de negocio, e tamén porque hai un pobo que ten mais perspectivas de futuro fronte a outros concellos, e polo tanto tamén mais futuro para o patrimonio dos veciños. Sobre a Deputación Provincial estableceu como prioridade sair do pozo económico no que estaba, o mesmo que se pretende facer cos concellos, que se dediquen a saldar a débeda, incluso concellos que teñen superavit non van poder utilizar ese superavit nin siquiera en facer novos plans de inversións, porque hai limitacións. De feito, na situación de desemprego que hai os concellos non poden contratar persoal, o cal non parece moi razoable. Está de acordo en que hai que ter prudencia á hora de establecer prioridades nos investimentos, e recorda que en Allariz non se fixo ningún equipamento que esté parado, ningunha obra faraónica. Poderíanse pechar museos como se prantexan algúns concellos, pero Allariz non o fai porque entende que hai que mantelos abertos para atraer visitantes. En definitiva, a redución da débeda non debe ser o único criterio que hai que seguir na xestión do gasto. Recoñece que a Deputación empezou a cambiar o criterio de subvencións, ademais do plan provincial, e así o recoñece (festival internacional de xardíns e excavacións de Armea) pero aínda son cantidades moi modestas en comparación cos fondos que reciben os concellos de Pontevedra ou A Coruña. Entende que a actividade económica do concello



é razoable e os indicadores indican unha evolución positiva. Sobre si éste é o último mandato é a súa libre decisión e os veciños acaban de pronunciarse nas pasadas eleccións, tampouco percibe pola rúa un desexo de que se marche dunha vez.

A portavoz do Partido Popular recordalle que o único que dixo que marchaba foi o propio Alcalde, son declaracións feitas na prensa. Ela pode sobrevivir, sinala, como todos os alaricanos. Acepta perfectamente os resultados das urnas porque é unha persoa moi democrata, afirma. É o seu Alcalde como o é o de todos alaricanos, sinala, pero o único que pide é que pense en todos os alaricanos á hora de gastar os cartos do concello, porque saen dos alaricanos. Comprende que é normal que despois de tantos anos un ten que facer autobombo do que fixo, pero todos os investimentos que cita o Alcalde foi todo elo subvencionado. Nos últimos vinte anos a cantidade de euros investidos por outras administración é moi alta, sinala. Non todo esforzo é do concello nin obra do Alcalde, afirma, tamén houbo mais xente que pelexou polo que se fixo durante estes anos en Allariz. Sobre o patrimonio, hai familias que teñen un grandísimo patrimonio e sen embargo non o poden manter porque non teñen ingresos suficientes para poder mantelo e eso vaille pasar e lle está pasando ao concello de Allariz. Non se trata de patrimonio, senón de poder pagar o que temos. O patrimonio non se pode ver se non hai luz, afirma. Non hai mais que pasar pola Barreira no inverno para comprobalo, porque tamén son patrimonio de Allariz o Convento de Santa Clara, a Igrexa de San Benito e outras. Sobre a afirmación de que non fixeron ningunha cidade da cultura, recorda que está parado o Centro de Interpretación da Historia Medieval que tivo unha subvención de mais dun millón de euros e ahí está a medio acabar. E as contas din que non temos para pagar o que facemos, afirma a portavoz, tal é a realidade. Considera que se pode reducir gasto corrente porque hai casi cinco millóns de euros para gasto corrente sendo seis mil habitantes. Sobre os indicadores hai un que expresa que Allariz é o concello con mais débeda por habitante. Ésa tamén é unha realidade, afirma. Recorda que moitas vecen ten preguntado qué pasou coa débeda que tiñamos coa ETAP, porque xa no ano 2015 saíu en prensa que Allariz tiña sen pagar esta débeda e non están recoñecidos na contabilidade. Ésta é unha realidade agochada nos caixóns que non está na contabilidade como tampouco estaban as facturas de alumeadado, que van aparecendo como apareceron cando foi do pago a provedores. Pide que non se fagan brindis ó sol, autobombo, porque todos os alaricanos saben ben o patrimonio que ten o concello, como tamén saben o que teñen a cambio nistes últimos anos.

Intervén finalmente o Alcalde para sinalar que o PP leva vinte anos proclamando que esto non iba aguantar un exercicio mais, e a realidade non é esa e os indicadores responden mais ben a unha tendencia contraria. É un concello con boa imaxe, recoñecido e prestixiado. Se resultase que eiquí houbo un maná de subvencións non se entende moi ben qué sucedeu no resto dos concellos, porque eiquí acábbase se inaugurar un colexio novo e disfruta dunha calidade de vida que outros non teñen. Non é certo e non se lles pode dicir aos veciños que o concello non pode manter o seu patrimonio, afirma. Cando fala de patrimonio dispoñible non se refire nin ao Fogar dos Maiores nin á Cidade Deportiva cuxo mantemento está nos gastos correntes dos orzamentos, senón o restaurante do Muiño Acea da Costa, que se podería vender, ou os apartamentos tutelados que están na praza de Abaixo ou algún dos edificios adquiridos, pero aspira a vender as parcelas que hai no parque empresarial de Chorente. Sobre o Centro de Interpretación da Idade Media parouse porque se quixo darlle prioridade ós outros museos que xa están en marcha ata que se presente unha ocasión de maior bonanza económica ou de encontrar financiación para poder executalo porque sería unha intervención moi positiva. O que non se vai facer, sinala, por unha política de austeridade, é despedir persoal, ter unha política que leve a que a actividade económica en Allariz caia, eso non se vai facer, afirma, nin que caia a calidade de vida dos veciños. Sobre o alumeadado público, o problema non é o consumo, que todos tratan de reducir, senón as tarifas que foron variando de xeito que hoxe xa se paga un mínimo de potencia, con independencia que se consuma ou non hai que pagar, por eso se tomaron medidas para reducir o gasto, é algo que se fixo con sensatez. En definitiva, o PP tamén pode comprobar conforme se marca no plan orzamentario a medio prazo que se acaba de aprobar se se vai cumprindo ou non, o mesmo que o plan económico financeiro, que marca uns límites, e tamén o que agora se fai é un

límite para reducir o remanente negativo de tesourería en igual cuantía a un gasto que se iba facer no 2016.

Polo exposto,

De conformidade co dictamen favorable da comisión de facenda, persoal e réxime interior de data 28/03/2016, o Pleno, pola maioría absoluta legal, cos votos favorables dos concelleiros do BNG (8) e co voto en contra dos concelleiros do PP (2), acorda:

*PRIMEIRO. Aprobar o expediente de redución de gastos do orzamento vixente, mediante baixa por anulación de créditos para o financiamento do remanente de tesouraría negativo que resulta da liquidación do orzamento do exercicio 2015, por importe de 392.225,15 euros, con cargo ao vixente exercicio.*

*Detalle explicativo da modificación:*

Aplicación orzamentaria	Descrición	Crédito inicial	Baixa/anulación	Crédito definitivo
152.619.00	PROGRAMA RE-PORTA A PORTA	50.000,00	50.000,00	0,00
1641,619 01	CEMITERIO DE VILANOVA	50.000,00	50.000,00	0,00
1651.639 00	PROGRAMA DE AFORRO ENERXÉTICO	100.000,00	100.000,00	0,00
4221.629 00	PARQUE EMPRESARIAL DE CHORENTE	100.000,00	92.225,15	7.774,85
4301,632 00	PROXECTOS RESERVA BIOSFERA	100.000,00	100.000,00	0,00
	SUMAS	400.000,00	392.225,15	7.774,85

*SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.*

*O expediente será publicado, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*

#### **6. PLAN ECONÓMICO FINANCIERO 2016-2017 determinado pola regra de gasto da liquidación do exercicio 2015.- Aprobación inicial, se procede.**

Da conta o Alcalde sinalando que o incumprimento da regra de gasto que puxo de manifesto a liquidación do 2015 é unha medida ben distutible, porque a regra de gasto que ten como orixe a modificación do artigo 35 da Constitución que consagrou que a prioridade principal do Estado é pagar, antes que ningunha outra cousa, os intereses financeiros e a débeda pública, o cal non está impedindo que o Estado non teña unha débeda pública galopante, o cal impide que, habendo o paro que hai, non haxa contratación de persoas, que poda haber servizos públicos que é necesario mellorar. ¿E por qué se incumpriu a regra de gasto na liquidación do 2015?. Porque habendo gasto previsto para pagar intereses financeiros, o goberno municipal utilizou nun expediente de modificación de créditos esta previsión para pagar outro gasto corrente, porque o persoal contratado para o obradoiro de emprego foi para facer actividade na mellora de limpeza de camiños, mellora e creación de parques infantís, así utilizouse a consignación dispoñible para intereses financeiros para atender este gasto. Curiosamente este gasto financeiro non computaba, é dicir, que se se houbera gastado, pero en intereses financeiros, non creaban ningunha distorsión, pero se se gastaban noutro gasto (en inversión ou noutro tipo de gasto) entónces sí

que produce incumprimento na regra de gasto. Tamén é certo que a maiores desta circunstancia estivo o feito de que o concello fixo un esforzo inversor importante durante o ano 2015, acolléndose a bastantes convocatorias de subvencións nas que o concello tivo que poñer porcentaxes importantes para poder realizalas. Este incumprimento significa que non se pode superar o gasto previsto sobre o realizado no exercicio anterior nun 1,3%, de modo que se se incumple hai que presentar un plan económico financeiro que proba que se vai cumprir nos dous seguintes exercicios. Do informe do Secretario-Interventor tamén se deduce que coa redución do orzamento que se ven de facer xa se está cumprindo o obxectivo da regra de gasto, e polo tanto asúmese, mesmo por criterio de prudencia, un compromiso que figura no propio plan económico financeiro no sentido de adicar a investimentos nos dous exercicios seguintes un máximo de 300.000 euros de recursos propios, se non se modifican as circunstancias. É dicir, se se venderan mais parcelas en Chorente, ou se teña outro tipo de financiación externa, non habería limitación para incrementar as inversións. Así e todo, hoxe hai concellos con mais poboación que teñen menos investimentos que o de Allariz. Enténdese por tanto que coas medidas previstas no plan económico financeiro subsánase o incumprimento do obxectivo da regra de gasto. Afirmo que o grupo de goberno vaise esforzar ao longo do exercicio para que o obxectivo da regra de gasto se cumpra, aínda que estean en desacordo con esta regra e se faga o posible para que sexa derogada, porque habería que priorizar a creación de emprego, tamén a atención dos servizos públicos, xunto cun prazo da débeda razoable que non lastre o crecemento económico, deixando claro que este tipo de medidas non deixan de ser un grave corsé para o concello porque a propia Deputación Provincial pode ter ao mellor 27 millóns de remanente positivo e algún concello tamén, p. ex. de 5 millóns de euros, pero si resulta que por motivo da aplicación da regra de gasto eses cinco millóns son mais do 1,3% sobre o gasto anterior non os vai poder utilizar aínda que teña paro no seu concello, ou aínda que teña moitos servizos necesitados de melloras, o cal non parece un corsé xusto para os concellos.

Polo grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, declara a súa conformidade co que acaba de dicir o Alcalde sobre o inxusto que é que incluso a Deputación Provincial ou concellos que teñen superavit sen embargo neste momento non poden contratar persoal ou facer inversión doutro tipo pero precisamente por culpa de concellos como o de Allariz, porque resulta que en España, como no resto de Europa, vense de atravesar unha crise tremenda, e todos temos recordado que España estivo ao borde do rescate, igual que Grecia ou Portugal, só fai catro anos e, entre as medidas, coas que non en todas están de acordo os membros do Partido Popular, pero que se sabe que hai que facer, porque hai que facer sacrificios para saír adiante, para evitar ser rescatados. Agora, con esto aplícase aquilo de que pagan xustos por pecadores. E como hai xente que é tan temeraria na realización da xestión que fai, esto redonda en que os desmáns duns reflíctense na vida de moitos. Como por algún sitio temos que coller e poñer a norma e parar e poñer un teito de gasto para que non nos vexamos abocados a unha situación dese tipo. Porque, se a este concello non tiveron que vir os provedores a reclamar foi gracias ao goberno do Sr. Rajoi, porque houbo que concertar dous préstamos por mais de catro millóns de euros para pagar facturas a provedores que xa se debían. O Real Decreto 4/2012 e o Real Decreto 8/2013 foron para eso, para pagar facturas que se debían aos provedores, por eso os provedores non se agolparon na porta do concello. Que un concello deba cinco millóns de euros a provedores é temerario, irresponsable e pouco riguroso, conclúe.

Intervén finalmente o Alcalde para sinalar que Allariz non ten culpa do rescate do Estado e afirma que en España houbo rescate, estas medidas que se lle aplican ós concellos son froito dese rescate, e o rescate foi para a banca, non para a xente; non hai mais que ver o caso de Caixa Galicia e Caixanova que se convertiron en Abanca, con mais de nove millóns de euros que pagamos entre todos para salvar uns poucos, para logo malvender por mil millóns, perdendo toda unha entidade financeira semi pública, con toda a obra social, tal é o rescate. Do Estado, sinala, para empezar, habería que recibir unha financiación mais xusta, mais acorde cos servizos que os concellos prestan, atendendo a criterios de dispersión da poboación, porque non é o mesmo prestar os servizos nun só núcleo que en 92 núcleos. E Allariz pode presumir de que a práctica

totalidade dos 92 núcleos contan con todos os servizos públicos. Por último, o Alcalde recorda que Allariz está reducindo a súa débeda, mentras que o Estado, despois de tanto recorte, está incrementandoa. O IVE, sinala, por causa deste rescate subiuse ata o 21% e tamén a contribución urbana trasladándolles aos concellos uns mínimos de gravamen en función da antigüidade das ponencias de valores. Ésta é a realidade, afirma. Reitera que a regra de gasto é inxusta e obedece fundamentalmente a que quen manda na Unión Europea e o propio Estado queren que todos os recursos se destinen a pagar os intereses financeiros en vez de atender outras necesidades. O Concello de Allariz está sendo equilibrado, está cumprindo os seus compromisos de redución de débeda e ó mesmo tempo estase intentando que isto non afecte nin á actividade económica municipal, que o patrimonio non perda valor para as familias, nin afecte ós servizos sociais e restantes servizos. Alégrase que a portavoz coincida co BNG en que a regra de gasto é inxusta porque non ten sentido que penalice ós concellos que teñen remanente de tesourería positivo.

A portavoz do Partido Popular fai un último matiz: ela non dixo que a regra de gasto lle pareza inxusta. O que lle parece inxusto é que por concellos como o de Allariz se teñan que aplicar medidas restrictivas para todos, tanto os que fan ben os deberes como os que non os fan.

Falando de deberes, conclúe o Alcalde, hoxe mesmo se publica nos medios que o Estado acaba de incumprir o obxectivo do déficit e aumentado a débeda.

Polo exposto,

De conformidade co dictamen favorable da comisión de facenda, persoal e réxime interior de data 28/03/2016, o Pleno, pola maioría absoluta legal, cos votos favorables dos concelleiros do BNG (8) e co voto en contra dos concelleiros do PP (2), acorda:

*PRIMEIRO. Quedar enterado do resultado da avaliación do obxectivo da regra de gasto efectuado pola Secretaría-Intervención.*

*SEGUNDO. Aprobar o Plan económico-financieiro do Concello nos termos que constan en documento anexo e que se considera parte integrante do presente acordo asumindo os compromisos fixados no mesmo que a continuación se citan:*

*A. Manter as previsións orzamentarias para o 2016 e 2017 en materia de gasto corrente: 4.190.534 euros (2016) e 4.175.442 euros (2017) que están por debaixo do gasto corrente estimado no plan de axuste para os exercicios 2016 (4.261.110 euros) e 2017 (4.281.690 euros).*

*B. Reducir os gastos de capital para aproximar o gasto previsto no 2016 de 466.402 euros ata os 300.000 euros de recursos propios contemplados no plan de axuste limitando a inversión, na medida do posible, á execución de proxectos que contan cun grao de financiamento alto e cun estudo de viabilidade e de análise de custe/beneficio favorable, tal como se contempla no Plan de Axuste do 2012 (media 11).*

*C. Non se considera necesario revisar o resto das medidas contempladas no Plan de Axuste, nin polo lado de ingresos nin polo lado de gastos.*

*D. En materia de débeda pública mantéñense as previsións seguintes:*

	Exercicio 2016	Exercicio 2017	Exercicio 2018	Exercicio 2019
Débeda L/P	3.757.841	3.175.077,74	2.592.314,20	2.009.550,66
Débeda C/Pz	725.000	525.000,00	325.000,00	125.000,00
Débeda viva a 31/12	4.482.841	3.700.078	2.917.314	2.134.551
Ratio débeda viva/ ingresos corrientes	82,21%	68,48%	53,99%	39,51%

*TERCEIRO. A efectos meramente informativos, publicar o Plan Económico-financeiro no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.*

*Así mesmo, unha copia do Plan encontrarase a disposición do público desde a súa aprobación até a finalización da súa vixencia.*

*CUARTO. O plan económico-Financeiro remitirase para o seu coñecemento á Comisión Nacional de Administración Local.*

## **7. XUIZ DE PAZ SUBSTITUTO.- Elección, se procede.**

Da conta o Alcalde sinalando que esta é a segunda convocatoria que se realiza para cubrir esta praza, houbo unha primeira que quedou deserta, que se trata dun posto non retribuído, que non depende do Concello, senón da administración de xustiza. Se ben é unha votación secreta, o BNG explica o sentido do seu voto e vai ser favorable para o solicitante que é veciño de Allariz, das dúas presentadas, tamén porque tratándose dun servizo de ámbito municipal parece mais axeitado que quen desempeñe este cargo sexa unha persoa afincada en Allariz.

Polo grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, explica que o seu grupo vai apoiar tamén á mesma persoa pero por mais motivos: por ser de Allariz, por ser unha persoa xove e tamén por ser unha persoa que quere implicarse na vida do pobo.

Polo exposto,

Visto o escrito da Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 08 de xuño de 2015, con entrada no concello o 12 de xuño de 2015, nº 1963, que acorda instar ao concello de Allariz para se inicie expediente para eleixir xuíz de paz substituto no prazo de tres meses, de conformidade co disposto no artigo 101.4 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo do Poder Xudicial;

Feita a oportuna convocatoria publicada mediante edicto no BOP nº 217, de 21 de setembro de 2015, sen que durante o prazo de exposición se presentara solicitude alguna, a Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia aconsella abrir unha nova convocatoria.

Acordada polo Pleno da Corporación na sesión do 29 de xaneiro de 2016 unha segunda convocatoria publicada no BOP núm. 31 de 8 de febreiro de 2016 presentáronse as seguintes solicitudes:

Nome e Apelidos	DNI	DOMICILIO
ADRIÁN GÓMEZ CONDE	44663369Z	Lama de Mouro, núm. 3 ALLARIZ
RITA VILA CONDE	34983760R	A Siota, nº 15 XUNQUEIRA DE AMBÍA

Considerando que as dúas solicitudes axústanse ás condicións da convocatoria, procédese á elección por votación secreta mediante papeleta, co seguinte resultado:

VOTOS EMITIDOS.....	10
VOTOS EN BLANCO.....	0
VOTOS NULOS.....	0
VOTOS A CANDIDATURAS:	
Adrián Gómez Conde .....	10

Polo exposto,

Conforme ao resultado da votación, o Pleno ACORDA:

*PRIMEIRO. Elexir para o cargo de Xuíz de Paz Substituto de Allariz a **don ADRIAN GÓMEZ CONDE**, con D.N.I. nº 44663369Z, veciño de Allariz, con domicilio en Lama de Mouro, núm. 3.*

*SEGUNDO. Dar traslado de todo o actuado á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a través do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción Decano dos de Ourense.*

*TERCEIRO. Notifíquese aos interesados e ao Xulgado de Paz para o seu coñecemento e efectos oportunos.*

## 8. Rogos e Preguntas.

Polo Grupo Municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, formula oralmente as seguintes:

8.1 Solicita a recuperación da iluminación da parte superior da Barreira. Non estritamente para a iluminación do Mosteiro de Santa Clara, que tamén, pero sobre todo porque é necesario para que as persoas que se moven e andan por esa beirarúa non teñan dificultade, xa que van en escuridade total, tendo en conta que hai unha zona en que hai un peldaño que implica un risco de caer. O risco é evidente, tanto para persoas que coñecen a zoa como para as que o descoñecen. É necesaria a iluminación para poder ver, porque non hai ningunha luz nesa parte.

Contesta o Alcalde sinalando que se toma en consideración e verase polos servizos municipais a posibilidade desa mellora. En todo caso, sinala que, en materia de seguridade viaria levanse facendo nese ámbito por parte do Concello diferentes programas e seguirase facendo, agora mesmo no barrio do Couto, e nese sentido verase a conveniencia de intervir na mellora do alumeadado público se é posible.

8.2 Por petición de varios veciños do Grupo de San Bieito solicitamos que se proceda á ordenación do aparcamento nos viais do citado Grupo, de forma semellante a como hai en Emilia Pardo Bazán ou como hai noutros sitios, que se ordenen e marquen as prazas de aparcamento.

Contesta o Alcalde sinalando que, se ben xa están reservadas as entradas á propias vivendas, pintadas en amarelo, estudarase a posibilidade de sinalización de acordo cos servizos técnicos municipais.

8.3 En consonancia co que se comentou no punto catro do pleno do pasado mes de xaneiro, no que se omitiu parte da súa intervención precisamente, neste caso por queixas de numerosos veciños, non duns poucos, solicita que se utilicen criterios estrictamente obxectivos á hora de solicitar proxectos subscritos por técnico competente nas obras novas e de rehabilitación no medio rural. As queixas son moitas xa que a uns se lles pide proxecto firmado por técnico competente e a outros non. Hai unha clara discriminación duns veciños con respecto a outros. Reitera, como xa se ten solicitado noutros plenos, que se utilicen criterios estrictamente obxectivos. Tamén que os expedientes que se remitan ó Patrimonio Provincial que se utilicen criterios obxectivos, para todos cos mesmos criterios, porque hai algúns que se mandan e outros non, e non se sabe por qué.

Contesta o Alcalde sinalando que os servizos técnicos municipais teñen un comportamento obxectivo, intentando, en todo caso, ponderar a situación concreta, intentando ter unha intervención favorable ós administrados e favorecendo nese sentido o que é o interés xeral e o interés dos propietarios naquelo que non temos obriga de esixir proxectos técnicos cando é obra menor; se é posible facer unha intervención sen proxecto técnico é lóxico acceder a esa petición. Como ven sendo tradicional son múltiples as peticións, desde retellar a outras intervencións menores que non esixen proxecto. Pero cando teñen a consideración de obras maiores, obviamente. É criterio dos técnicos municipais, conclúe.

Non está sucedendo, afirma o concelleiro do Partido Popular.

O Alcalde manifesta que non está de acordo coa afirmación, pero non vai abrir un debate neste turno de rogos e preguntas.

*E non tendo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás vinteunha horas e vinte minutos do mesmo día do seu comenzo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.*

O ALCALDE

O SECRETARIO